

A FOLGA XERAL DO 29-M EN GALICIA E A UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL

A convocatoria de folga xeral para o 29 de marzo é un gran paso adiante, ó que se chegou non sen esforzo. Porque o certo é que ós dirixentes de CCOO e UGT custoulles da-lo paso. Son moitos anos de pactos e consensos, dunha filosofía do mal menor, de que o peor escenario é o desacordo..., todo o cal sitúaos nunha posición de debilidade fronte á burguesía e favorece o aval sindical ós recortes, como vimos coa reforma das pensións o ano pasado ou o pacto salarial deste xaneiro, xustificado como unha forma de evitar unha reforma laboral agresiva do PP. A realidade demostra que a estratexia foi totalmente equivocada.

Pero a convocatoria da folga xeral do 29-M, aínda que xorde directamente do fracaso da estratexia sindical de diálogo social, non significa que as direccións de CCOO e UGT xa asuman que a súa estratexia foi un erro. Para empezar, a súa reacción á aprobación da reforma laboral non foi esixirlle ó PP a súa retirada, senón pedirle que abrise unha negociación (falaron de “darlle ó PP a oportunidade de rectificar”, coma se estivese morto de medo e bastase só con asustalo un pouco máis) e convoca-las manifestacións dos días 19 e 29 de febreiro, co argumento de que, antes de decidir sobre a folga xeral, querían escoitar ós traballadores; puideron acordarse de escoitarnos antes de asinalo recorte das pensións e tantos e tantos pactos daniños para a clase obreira. Coa folga xa convocada, aínda insisten en que poden desconvocala se o goberno accede a negociar.

Á folga xeral chegamos pola presión combinada de diversos factores, que finalmente obrigaron ós dirixentes de CCOO e UGT a convocala. O máis relevante foi o rotundo éxito das dúas xornadas de mobilización de febreiro, con centos de miles de persoas nas rúas demos-

trando a súa vontade de loita. Outros foron o ambiente crítico entre os traballadores pola inacción dos dirixentes, o shock causado pola reforma nos propios aparatos sindicais, a belixerante campaña antisindical e a prepotencia do PP e os empresarios, e tamén as convocatorias de folga xeral por parte de ELA e LAB en Euskadi e a CIG en Galicia.

Todos á folga o 29-M

Cando CCOO e UGT puxéronlle data á súa folga, elixiron a xa anunciada previamente polos sindicatos nacionalistas. Esta coincidencia na data é algo moi positivo, posto que reforza a unidade da clase obreira de todo o Estado, por encima das diferenzas nacionais, e favorece o éxito da folga en ambas nacionalidades históricas. A diferenza doutras folgas (como a do 29 de setembro de 2010), cando os dirixentes de CCOO e UGT non mostraron ningún interese en contar con ELA, LAB ou a CIG, nesta ocasión parecía que, polo menos en Galicia, teríamos unha unidade de acción total. Lamentablemente, non vai ser así.

Nun comunicado emitido o martes 13, o secretariado da CIG manifesta a súa satisfacción porque CCOO e UGT fixesen coincidi-la data, informa de que decidiu “poñerse de acordo con CCOO e UGT para coordinar todo o traballo previo á folga xeral e o do propio día 29 de marzo, para garantir o máximo éxito posible da convocatoria” e engade que acordou “empregar a CCOO e UGT a ter unha unidade, pola base, nas empresas, nos centros de traballo e nos convenios colectivos para inviabilizar a posta en marcha da reforma laboral”. Todo isto é moi positivo e é imprescindible levalo á práctica, pero resulta moi sorprendente que, logo de dicir todo iso, a decisión do secretaria-

do da CIG sexa... ¡celebrar manifestacións separadas o día 29!, decisión que aínda ten menos sentido porque CCOO e UGT declaráronse publicamente a favor de manifestacións unitarias.

A decisión do secretariado da CIG é incomprendible. Tomou a iniciativa de convocala folga, chamou a CCOO e UGT a que se sumasen, cousa que finalmente ocorreu, felicitou a ambos sindicatos por iso, propón coordinar todo o traballo preparatorio da folga (incluídos os piquetes o mesmo 29), empraza a CCOO e UGT á unidade pola base... e á hora de poñerlle á xornada a guinda das manifestacións, o espírito unitario que guía tódalas propostas previas desaparece.

O 27 de xaneiro de 2011, a CIG convocou unha folga xeral en solitario en Galicia. Os marxistas de *El Militante* apoiámola, e non como un mero xesto, senón que traballamos intensamente para gañar apoio á folga entre as bases de CCOO e UGT, cuxas direccións opúñanse á mesma porque estaban cociñando a sinatura do vergonzoso recorte das pensións. Fixémolo porque pensamos que era *o mellor para os intereses da clase obreira*, á marxe de que a iniciativa viñese de tal ou cal sigla sindical.

Pero de igual xeito que entón pensamos que había motivos para a folga xeral e que a dirección da CIG tiña razón ó convocala, e fomos coherentes con isto, hoxe temos que dicir que a dirección da CIG, ó convocar manifestacións separadas, actúa de forma incoherente coas súas propias propostas para o 29-M e comete un erro que non favorece a loita dos traballadores, o cal significa que tampouco favorece ás súas organizacións, a propia CIG incluída.

O 29-M debe haber manifestacións unitarias

Facemos fronte á maior agresión dos últimos corenta anos. A burguesía quere eliminar de vez os dereitos obtidos en décadas de loita do movemento obreiro e vai a por todas. Defender eses dereitos vai custar suor e bágoas, como

suor e bágoas, e tamén sangue, custou conquistas. É imposible facer fronte a esta agresión sen a máxima unidade de acción sindical. Todos sabemos que hai diferenzas entre a CIG e CCOO e UGT. Pero por grandes que poidan ser, ¿seica non é máis o que os une que o que os separa? Por moitas rivalidades que poida haber entre eles, ¿seica a dereita e a patronal non é o principal inimigo de calquera sindicato de clase?

E hai outro argumento, o máis importante, a favor dunha unidade de acción total o 29-M: *esta folga xeral non vai ser suficiente para obrigar ó PP a retirar-la súa reforma*. A loita terá que continuar e demandará máis e máis unidade de acción. Canto antes sexa o máis completa posible, mellor para todos.

A unidade de acción non significa a anulación dunha organización. A CIG non ten por que renunciar ó seu discurso, ós seus símbolos, ás súas consignas, ás súas reivindicacións, a manifestarse agrupada o 29, nin sequera ás súas críticas ó modelo sindical de CCOO e UGT. Pero manter un perfil propio non é incompatible coa máxima unidade de acción, sobre todo en momentos coma este, nos que é necesario distinguir entre o accesorio e o fundamental, para unir forzas e así poder frear esta agresión brutal da burguesía. E esta é unha demanda sentida polos traballadores, incluídos moitos afiliados á CIG que tampouco entenden nin comparten a decisión da súa dirección.

Aínda hai tempo para que o 29-M teña o colón que se merece unha gran folga xeral: manifestacións multitudinarias. E todos sabemos que o mellor xeito de animar a tódolos traballadores a saír á rúa ese día é que en cada localidade haxa unha soa manifestación. A dirección da CIG debe reflexionar e rectificala súa decisión porque sería o mellor para a clase obreira.

A LIBRERIA MARXISTA

r/ Pontevedra, 18 · Ferrol

Luns: 18:00 a 20:00 h. // Sábados: 11:30 a 13:00 h.